

**MODELO DE FORMULARIO DE RECLAMACIÓN “GASTOS DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE PRÉSTAMO HIPOTECARIO” ANTE O SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE**

**(PARA CONTRATO DE HIPOTECA ANTERIOR AO 10 DE NOVEMBRO DE 2018)**

**SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE DE**

**(indicar a entidade financeira na que se ten a hipoteca)**

<b>Nome</b>	
<b>DNI</b>	
<b>Dirección</b>	
<b>Teléfono de contacto</b>	
<b>Entidade financeira</b>	
<b>Nº de préstamo hipotecario</b>	
<b>Data escritura hipoteca (anterior ao 10-11-2018)</b>	

O 23 de decembro de 2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza 705/2015 na que se consideran abusivas as cláusulas que atribúen ao consumidor os gastos de formalización dos préstamos hipotecarios. Respecto ós devanditos gastos tamén se pronunciou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea o 16 de xullo de 2020 e recentemente outra vez o Tribunal Supremo o 27 de xaneiro de 2021.

Tendo en conta o anterior, e como queira que eu teño un préstamo garantido cun contrato de hipoteca coa entidade indicada máis arriba, e atribuíronlleme aos meu gastos de formalización do citado contrato de préstamo hipotecario, que segundo a anterior xurisprudencia corresponden á entidade bancaria, é polo que procede que se me reintegren todas aquelas cantidades indebidamente cobradas de acordo coa indicada xurisprudencia.

No suposto de non acceder ao anterior, solicítase indíquenseme, de forma debidamente motivada e razoada, todas as causas polas que non se accede ao reintegro indicado anteriormente e que xustifican tal decisión, en especial respecto a comisión de apertura e o cumprimento dos requisitos establecidos polo tribunal europeo e o Tribunal Supremo.

Neste último caso entenderei que **son estes os únicos motivos de denegación, co fin de adoptar as accións oportunas para garantir os meus dereitos.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 .

Asdo. \_\_\_\_\_